

# FERRADURA ABERTA 2007

## SAÚDA

Ferradura Aberta é un programa pensado para os composteláns máis novos e para quen nos visita, nun espazo referencial da cidade que favorece o encontro, a convivencia e o intercambio entre iguais.

No tempo de descanso, logo do período escolar, o Concello de Santiago quere dar desposta ás novas necesidades de lecer nunha cidade educadora no que a educación é o medio a través do que a cultura se reproduce, se transmite, se desenvolve e evoluciona.

Así pois, convidovos a todos e todas a un novo exercicio de cidadanía, participando, gozando das actividades previstas e experimentando nun dos espazos cidadáns máis queridos: o Parque da Alameda.

**Xosé A. Sánchez Bugallo**  
Alcalde de Santiago de Compostela

## ¿A QUEN SE DIRIXE?

Nenos e nenas de 2 a 5 e de 6 a 14 anos con espazos concretos para cada tramo de idade e para as familias.

## LUGAR

Paseo da Ferradura do parque da Alameda.

## DATAS

Do 11 ao 27 de xullo de 2007.  
De luns a venres.

## HORARIO

De 18 a 21 horas

## PARTICIPACIÓN

A participación é libre e de balde.  
Non precisas máis que achegarte ao paseo da Ferradura na Alameda e dirixirte ás actividades que che interesen.


## INFORMACIÓN E RECEPCIÓN

Durante o desenvolvemento do programa permanecerá aberto un servizo de información e recepción no paseo da Ferradura.  
Tamén podes solicitar máis información nos teléfonos do Concello de Santiago de Compostela:  
Tfnos.: 981 554 400 ou 981 528 730

# FERRADURA ABERTA 2007

Paseo da Ferradura  
Parque da Alameda  
do 11 ao 27 de xullo





## Obradoiros para aprender e facer

Espazos de creación que vos permiten coñecer as técnicas e procedementos básicos relacionados cun centro de interese determinado. A participación é libre e de acordo co interese de cada un. Os obradoiros nos que podes participar son:

**Cestería:** Permitirache o achegamento a unha das actividades artesanais máis enraizadas na nosa cultura tradicional, accedendo ás técnicas básicas de realización de cestos, testos ou outros obxectos, a partir de materiais como o vimbio, o rotén, a lá, a rafia ou as fibras naturais.

**Construción de xogos e xoguetes:** O uso de materiais de refugallo e a manipulación de elementos e materiais da vida cotiá vai permitir crear xoguetes e xogos imaxinativos nos que poder recuperar outras maneiras de divertimento.

**Encadernación:** Podes facer os teus propios cadernos ou porlle tapas aos contos e poemas que tes por aí gardados. Tamén podes atreverte cun álbum de fotos ou de cromos ou preparalo para pegar todos os teus recordos, por exemplo, as follas das árbores da Alameda. Con materiais

naturais e técnicas das de sempre abraiarás a todo o mundo cando saiban como vas encadernar.

**Papiroflexia:** Non podes nin imaxinar a cantidade de cousas que se poden facer con papel. O barco, o paxaro ou o avión que fas con dúas dobreces nada teñen que ver con todo o que vas aprender para construír caixas, alfaias ou curiosos animais.

**Tren turístico:** Un paseo moi orixinal polo parque da Alameda para saber algo máis dun espazo querido por todos: flora, fauna, monumentos e lugares que forman parte da nosa vida.

## Espazo deportivo

A práctica deportiva ten un especial protagonismo nesta edición de Ferradura, que dá así continuidade ás actividades desenvolvidas dende as instalacións deportivas de Santiago e das escolas, campañas municipais e clubs deportivos. Terás a oportunidade de perfeccionar as túas habilidades e técnicas en deportes que xa coñeces e iniciarte noutras máis novidasas:

- Carreiras de orientación
- Xadrez e xogos de mesa
- Tiro con arco
- Esgrima
- Tenis de mesa
- Rochódromo

## Espazo para os máis cativos

Os máis pequenos contan cun espazo lúdico equipado con materiais e xoguetes axeitados onde divertirse, experimentar, compartir e aprender.

Poden participar nenos e nenas de 2 a 5 anos.

## Espazo para nais e pais

Os pais e nais, familiares ou acompañantes dos nenos e nenas compartirán conosco o paseo da Ferradura, atopando neste espazo un lugar no que coñecer as actividades propostas, informarse sobre outras axeitadas ás súas idades e intereses, conversar con outros pais e nais ou simplemente descansar nun dos espazos máis maravillosos da cidade.

